**Criterios de selección xeral. RESUME VISUAL.**

As seguintes táboas son un **resume informativo non exhaustivo** e non aplicable.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1, 2, 3, 4 E 5) | |
|---|---|
| **MÁXIMO DE PUNTOS COMPUTABLES** | **100** |
| A. ACTUACIÓNS PREFERENCIAIS. | 25 |
| A.1. PRIORIDADE DA ACTUACIÓN. | |
| 1. Prioridade da actuación | **25** |
| B. EMPREGO E BENEFICIARIOS. | 30 |
| B.1. CREACIÓN EMPREGO. | |
| 2. Emprego creado. | 30 |
| 3. Emprego a colectivos desfavorecidos. | 30 |
| 4. Emprego cualificado. | 30 |
| B.2. PROXECTO DE INTERESE COLECTIVO. | |
| 5. Interese colectivo. | 30 |
| C. COMPROMISO COSTA SOSTIBLE CO TERRITORIO | 45 |
| C.1. COMPROMISO DE COLABORACIÓN E LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO. | |
| 6. Investimento en concellos con maior risco demográfico. | 8 |
| 7. Cooperación entre persoas promotoras. | 10 |
| C2. COMPROMISO CO SECTOR DA PESCA. | |
| 8. Accións que apoian so sector da pesca. | 5 |
| 9. Investimentos en patrimonio cultural mariñeiro. | 20 |
| 10. Interese colectivo e reforzo da cadea do sector da pesca | 5 |
| 11. Interese colectivo e uso de inmobles ociosos. | 5 |
| C3. COMPROMISO DE MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO E PROTECCIÓN DA PAISAXE COSTEIRA. | |
| 12. Investimentos que contribúen á loita contra o cambio climático. | 10 |
| 13. Directrices da Paisaxe e do Medio Ambiente. | 10 |
| C4. COMPROMISO COA COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN. | |
| 14. Investimento en innovación. | 10 |
| 15. Investimento en dixitalización e modernización tecnolóxica. | 10 |
| 16. Actividades empresariais innovadoras. | 10 |
| 17. Servizos público innovadores. | 20 |
| 18. Actividades adicionais | 4 |
| 19. Compromiso de formación do GALP Costa Sostible | 5 |
| C5. COMPROMISO POLA IGUALDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL. | |
| 20. Igualdade de xénero. | 10 |
| 21. Especial compromiso coa inclusión e a diversidade. | 10 |
| 22. Directrices adicionais de Responsabilidade Social Coroporativa. | 10 |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. CRITERIOS ADICIONAIS (OBXECTIVOS 1, 2, 3, 4 E 5) | |
|---|---|
| **MÁXIMO DE PUNTOS ADICIONAIS COMPUTABLES** | 30 |
| Adicional 1. Persoa física promotora *colectivos preferentes. | 15 |
| Adicional 2. Innovación en pesca e integración en REDE. | 15 |

| | |
|---|---|
| **PUNTUACIÓN MÁXIMA. OBXECTIVOS 1 A 5** | **100** |

## CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA COOPERACIÓN (OBXECTIVO 6)

| | |
|---|---|
| **MÁXIMO DE PUNTOS COMPUTABLES** | **100** |
| **1. CALIDADE DA PROPOSTA.** | **20** |
| 1.1. Abordan necesidades identificadas nas estratexias. | 5 |
| 1.2. Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos. | 5 |
| 1.3. Coherencia entre orzamento e as actividades. | 5 |
| 1.4. Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto. | 5 |
| **2. NÚMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES** | **30** |
| 2.1. Número de GALP participantes de Galicia. | 30 |
| 2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas). | 15 |
| 2.3. Colaboración con outras entidades de interese. | 10 |
| **3. IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS.** | **20** |
| 3.1. Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional. | 20 |
| **4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO.** | **30** |
| 4.1. Transformación dixital | 6 |
| 4.2. Transformación ecolóxica: transición enerxética | 6 |
| 4.3. Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático | 6 |
| 4.4. Sostibilidade: economía circular | 6 |
| 4.5 Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul | 6 |

## CRITERIOS DE SELECCIÓN. CRITERIOS DE DESEMPATE (OBXECTIVOS 1 A 6)

En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os criterios ata que se produza o desempate.

**Proxectos dos Obxectivos 1 a 5 (non Cooperación).**

Desempate 1. Puntuación en. **A. Actuacións preferenciais**.
Desempate 2. Proxecto do **sector da pesca**.
Desempate 3. Puntos en **C. Compromiso Costa Sostible co territorio**
Desempate 4. Puntuación en **B. Emprego e Beneficiarios**.

**Proxectos do Obxectivo 6 (Cooperación).**

Aplicaranse os criterios de desempate que se definan nas ordes de convocatoria.

# CRITERIOS DE SELECCIÓN NA XESTIÓN DAS AXUDAS DA EDLP COSTA SOSTIBLE.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| | | | | |
| **MÁXIMO DE PUNTOS COMPUTABLES** | | | | **100** |
| | | | | |
| **A. ACTUACIÓNS PREFERENCIAIS.**<br>Máximo total de 25 ptos. Criterio único. | | | | 25 |
| **A.1. PRIORIDADE DA ACTUACIÓN.** | | | | |
| **1. Prioridade da actuación** | | | | **25** |
| | **Prioridade da actuación á que se asigna o proxecto.** | | EDLP Costa Sostible | |
| | **Asignación de puntos: Directa.** | | | |
| | -Prioridade A. | 25 | | |
| | -Prioridade B. | 15 | | |
| | -Prioridade C. | - | | |
| | Favorece ás actuacións consideradas máis importantes na EDLP | | | |
| **B. EMPREGO E BENEFICIARIOS.**<br>Máximo total de 30 ptos. que se poden obter por dúas vías excluíntes (B.1. e B.2.). | | | | 30 |
| **B.1. CREACIÓN EMPREGO.**<br>*Establécese un máximo de 30 puntos na sección Creación de emprego, que se poden obter por un ou varios dos criterios incluídos. | | | | |
| **2. Emprego creado.** | | | | 30 |
| | **Número de empregos creados, computado en UTA (unidades de traballo anuais).** | | -Compromiso asinado. | |
| | **Asignación de puntos por cada UTA.** | | | |
| | -Empregos creados no sector da pesca. | 8 | -Acreditación de alta na Seg. Social. | |
| | -Empregos creados noutros sectores. | 5 | | |
| **3. Emprego a colectivos desfavorecidos.** | | | | 30 |
| | **Contratación de persoas de colectivos desfavorecidos.** | | -Compromiso asinado. | |
| | **Asignación de puntos por cada UTA.** | | | |
| | -Mulleres con fillas/os a cargo, menores de 25 . non preceptores de rendas. | 3 | -Acreditación de alta na Seg. Social. | |
| | -Menores de 30 anos...... | 3 | | |
| | -Mulleres sen fillas/os a cargo. | 1 | -DNI da persoa empregada. | |
| | -Maiores de 45 anos. | 1 | | |
| | -Persoas con discapacidade igual ou superior a 33%. | 1 | -Libro de familia. | |
| | -Outros colectivos vulnerables. Ver lista | 1 | -Certificación de discapacidade. | |
| | Favorece a colectivos vulnerables e polo tanto mellora as súas opcións de acceso ao emprego. | | -Certificación administrativa doutras condicións de vulnerabilidade. | |
| **4. Emprego cualificado.** | | | | 30 |
| | **Novas persoas empregadas con formación mínima de FP Superior ou Grao universitario acordes ao posto de traballo.** | | -Compromiso asinado. | |
| | **Asignación de puntos por cada UTA.** | | | |
| | -Emprego cualificado. | 2 | | |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| **B.2. PROXECTO DE INTERESE COLECTIVO.** | | | |
| **5. Interese colectivo.** | | | 30 |
| | **O proxecto é promovido por un beneficiario colectivo e é de interese colectivo.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-Proxecto de Beneficiario colectivo e Interese colectivo. 30<br><br>Equipara os proxectos de interese colectivo aos proxectos xeradores de emprego. | - | |
| **C. COMPROMISO COSTA SOSTIBLE CO TERRITORIO.**<br>Máximo total de 45 ptos. de configuración flexible. | | | 45 |
| **C.1. COMPROMISO DE COLABORACIÓN E LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO.** | | | |
| **6. Investimento en concellos con maior risco demográfico.** | | | 8 |
| | **O investimento realízase no concello de Carnota, Dumbría, Outes ou Muros.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-Investimento nos concellos indicados. 5<br><br>Aplicable só cando existe un investimento físico localizable e o 51% do mesmo localízase nun ou varios destes concellos.<br>Estes concellos presentan índices de despoboamento e envellecemento particularmente graves. | -Memoria de solicitude: localización do investimento físico. | |
| **7. Cooperación entre persoas promotoras.** | | | 10 |
| | **Número de persoas físicas ou xurídicas promotoras.**<br>**Asignación de puntos directa.**<br>-Puntos por cada persoa promotora. 2<br><br>Proxectos cun mínimo de 2 promotores. Puntúase dende o primeiro. | -Acordo de cooperación. | |
| **C2. COMPROMISO CO SECTOR DA PESCA.** | | | |
| **8. Accións que apoian so sector da pesca.** | | | 5 |
| | **O proxecto contempla investimentos específicos en:**<br>**-Accións formativas e capacitación no sector do mar, e/ou**<br>**-Campañas de promoción dos produtos da pesca costeira artesanal**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-Incorpora algunha da accións indicadas. 5 | -Memoria de solicitude: detallo do orzamento destinado a estas accións. | |
| **9. Investimentos en patrimonio cultural mariñeiro.** | | | 20 |
| | **O proxecto prevé investimentos superiores ao 20% do orzamento subvencionable a rehabilitación, promoción ou sensibilización sobre o patrimonio cultural mariñeiro.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-Incorpora os investimentos indicados. 20<br><br>Inclúense os investimentos en turismo mariñeiro. | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado a este concepto. | |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| **10. Interese colectivo e reforzo da cadea do sector da pesca** | | | 15 |
| | **O proxecto de beneficiario colectivo e interese colectivo reforza a cadea produtiva do sector pesqueiro**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-O proxecto reforza ao sector da pesca. 15 | -Participación dunha entidade do sector da pesca como promotora ou colaboradora. (acordo de colaboración asinado). | |
| **11. Interese colectivo e uso de inmobles ociosos.** | | | 5 |
| | **O proxecto de beneficiario colectivo utiliza inmobles ociosos do territorio.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-O proxecto usa este tipo de inmobles. 5<br><br>Aplícase á utilización de inmobles non residenciais sen uso nos últimos 3 anos.<br>A rehabilitación de inmobles en desuso favorece o coidado da paisaxe, a reutilización de recursos (economía circular) e a redución da pegada ecolóxica. | -Memoria de solicitude: identificación do inmoble ocioso. | |
| **C3. COMPROMISO DE MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO E PROTECCIÓN DA PAISAXE COSTEIRA.** | | | |
| **12. Investimentos que contribúen á loita contra o cambio climático.** | | | 10 |
| | **O proxecto contempla investimentos específicos que contribúen á mitigación do cambio climático.**<br>**Asignación de puntos proporciona ao investimento.**<br>-Puntuación por cada tramo do 2% do orzamento total que se destina a este capítulo. 1<br><br>Aplícase aos seguintes investimentos.<br>-Sistemas de certificación de calidade ambiental ou xestión ambiental.<br>-Maquinaria ou instalacións con cualificación enerxética A ou similar.<br>-Equipos e sistemas de monitorización do consumo enerxético.<br>-Sistemas de xeración enerxética baseados en enerxías limpas.<br>-Equipos ou sistemas para reutilización, reciclaxe ou tratamento de residuos.<br>-Recuperación e posta en valor de espazos de interese natural.<br>-Equipamentos procedentes da reciclaxe.<br>-Investimento en campañas de comunicación e/ou actividades de concienciación ambiental<br>-Outros equipamentos, instalacións e materiais de construción que reduzan a pegada ecolóxica, acreditada esta circunstancia por técnico competente. | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado a este concepto.<br>-No seu caso, acreditación por técnico competente. | |
| **13. Directrices da Paisaxe e do Medio Ambiente.** | | | 10 |
| | **Puntos obtidos en aplicación das Directrices da Paisaxe e Medio Ambiente.**<br>**Asignación de puntos proporciona ao investimento.**<br>-Aplicación das Directrices. O a 10 | -Memoria de solicitude: identificación das Directrices a aplicar. | |
| **C4. COMPROMISO COA COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN.** | | | |
| **14. Investimento en innovación.** | | | 10 |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| | **O proxecto contempla investimentos específicos destinados á innovación e á mellora da competitividade.**<br>**Asignación de puntos proporciona ao investimento.**<br>-Puntuación por cada tramo do 2% do orzamento total que se destina a este capítulo. 1<br><br>Aplícase aos seguintes investimentos:<br>-Desenvolvemento e protección de novas patentes, modelos de utilidade e dereitos de propiedade industrial.<br>-Servizos de persoas investigadoras ou centros de investigación.<br>-Gastos de laboratorios e servizos de investigación propios.<br>-Deseño de novos produtos, servizos ou procesos produtivos.<br>-Aplicación de selos e estándares de calidade.<br>-Capacitación do persoal nestes eidos.<br>Foméntanse accións de innovación, baseadas nas definicións e criterios empregados por GAIN – Axencia Galega de Innovación. | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado a este concepto. | |
| **15. Investimento en dixitalización e modernización tecnolóxica.** | | | 10 |
| | **O proxecto contempla investimentos específicos en dixitalización e modernización tecnolóxica.**<br>**Asignación de puntos proporciona ao investimento.**<br>-Puntuación por cada tramo do 2% do orzamento total que se destina a este capítulo. 1<br><br>Aplícase aos seguintes investimentos:<br>-Equipos de telecomunicacións (agás dispositivos de uso persoal)<br>-Software para o proceso produtivo (distinto de ofimática, contabilidade e administración interna). Creación ou licenzas.<br>-Desenvolvementos dixitais (páxinas web e outros).<br>-Equipos de domótica para a automatización de funcións.<br>-Equipos de robótica e maquinaria específica do proceso produtivo.<br>-Capacitación do persoal nestes eidos.<br>Foméntanse accións de innovación, baseadas nas definicións e criterios empregados por GAIN – Axencia Galega de Innovación. | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado a este concepto. | |
| **16. Actividades empresariais innovadoras.** | | | 10 |
| | **O proxecto crea unha actividade empresarial innovadora no territorio.**<br>**Asignación de puntos segundo criterio territorial.**<br>-Primeira actividade do seu tipo na zona pesqueira. 10<br>-Primeira actividade do seu tipo no concello. 5<br>-Primeira actividade do seu tipo na parroquia. 3<br><br>Definición de actividade empresarial innovadora:<br>-Primeira actividade no territorio con seu CNAE ou IAE.<br>-Servizos turísticos: crean actividades non existentes no territorio.<br>-Aloxamentos: primeiro establecemento da mesma tipoloxía categoría. | -Memoria de solicitude: localización do investimento e identificación e xustificación da actividade innovadora.<br><br>Ademais, segundo proceda:<br>-Lista CNAE ou IAE do territorio (INE, Seg. Social).<br>-REAT Aloxamen..<br><br>Alta no CNAE, IAE ou REAT. | |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| **17. Servizos público innovadores.** | | | | 20 |
| | **O proxecto de beneficiario público crea un servizo innovador novo no territorio.**<br>**Asignación de puntos segundo criterio territorial.**<br>-Primeiro servizo do seu tipo na zona pesqueira.<br>-Primeiro servizo do seu tipo no concello. | <br><br>20<br>10 | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado este concepto. | |
| **18. Actividades adicionais.** | | | | 4 |
| | **O proxecto incorpora actividades adicionais á principal.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-O proxecto incorpora unha segunda actividade.<br><br>Aplícase a empresas novas que se dan de alta nun mínimo de dous epígrafes IAE ou empresas existentes que engaden un alta nun epígrafe IAE, sempre de acordo con novas liñas de produto ou servizo.<br>As actividades adicionais mellora a competitividade das empresas e do territorio. | <br><br>4 | -Memoria de solicitude: detalle do orzamento destinado este concepto.<br><br>-No seu caso, altas previas no IAE. | |
| **19. Compromiso de formación Costa Sostible.** | | | | 5 |
| | **O promotor comprométese a participar no curso de formación para promotores organizado polo GALP Costa Sostible.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-O promotor asume o compromiso | <br><br>5 | -Compromiso asinado. | |
| **C5. COMPROMISO POLA IGUALDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL.** | | | | |
| **20. Igualdade de xénero.** | | | | 10 |
| | **O proxecto de beneficiario colectivo fomenta a participación das mulleres na toma de decisións.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-Fomenta a participación das mulleres<br><br>O proxecto designa a un grupo de dirección do traballo e este conta cun mínimo dun 50% de mulleres. | <br><br>5 | -Memoria de solicitude: composición do equipo de traballo. | |
| **21. Especial compromiso coa inclusión e a diversidade.** | | | | 10 |
| | **Créanse ou mellóranse equipamentos ou infraestruturas nas que o 100% dos espazos de uso público son accesibles para persoas en cadeira de rodas.**<br>**Asignación de puntos directa SI/NON.**<br>-O 100% dos espazos son accesibles.<br><br>Aplícase a servizos e equipamentos públicos ou privados nos que a totalidade das instalacións destinadas aos usuarios ou clientes son accesibles. | <br><br>10 | -Memoria de solicitude: proxecto técnico. | |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA XERAL (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| **22. Directrices de Responsabilidade Social Coroporativa.** | | | 10 |
| | **Puntos obtidos en aplicación das Directrices adicionais de Responsabilidade Social Corporativa.**<br>**Asignación de puntos proporciona ao investimento.**<br>-Aplicación das Directrices. O a 10 | -Memoria de solicitude: identificación das Directrices a aplicar. | |
| DENOMI-NACIÓN | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. CRITERIOS ADICIONAIS (OBXECTIVOS 1 A 5) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | **Definición**<br>**Asignación de puntos**<br>Detalles de aplicación / Motivación | **VERIFICACIÓN na solicitude**<br>**VERIFIC. adicional** | **Punt. Máx.** |
| **MÁXIMO DE PUNTOS ADICIONAIS COMPUTABLES** | | | **30** |
| **Adicional 1. Persoa promotora.** | | | **15** |
| | **A persoa física pertence a un colectivo prioritario ou vulnerable o crea o primeiro autoemprego.**<br>**Asignación de puntos: Directa SI/NON e acumulable.**<br>-Procede do sector pesqueiro. 10<br>-Familiar en 1º grao de persoa do sector pesqueiro. 5<br>-Muller. 10<br>-Menor de 30 anos. 10<br>-Maior de 45 anos 5<br>-Pertencente a outro colectivo vulnerable. 5<br>-1ª iniciativa de autoemprego 5<br><br>Aplicación acumulable: a mesma persoa pode puntuar en varios epígrafes ata o máximo de 15 puntos.<br>No caso de proxectos promovidos por persoas xurídicas, só se computarán os epígrafes que concorran en todos os socios.<br>Procede do sector pesqueiro: de alta no Réxime Especial do Mar (polo menos 2 dos 3 últimos anos) | -Vida laboral.<br>-DNI da persoa empregada.<br>-Libro de familia.<br>-Certificación de discapacidade.<br>-Certificación administrativa doutras condicións de vulnerabilidade. | |
| **Adicional 2. Innovación en pesca e integración en REDE.** | | | **15** |
| | **O proxecto é de investigación e conta coa participación dun organismo investigador integrado en REDE como socio, colaborador ou prestador de servizos.**<br>**Asignación de puntos: Directa SI/NON.**<br>-Cumpre o requisito. 15<br><br>REDE: Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia.<br>Foméntase a calidade investigadora e transferencia de coñecemento cara ao territorio. | Memoria de solicitude: identificación do organismo colaborador e forma de participación. | |

| | |
|---|---|
| **PUNTUACIÓN MÁXIMA OBXECTIVOS 1 A 5 (táboa xeral + adicionais)** | **130** |

# DIRECTRICES PARA UN CRECEMENTO RESPONSABLE. GALP COSTA SOSTIBLE.

## DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE

Nota. A efectos destas Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente, destacamos que o concepto de 'Paisaxe' abrangue todos os seus valores como contorna natural e cultural, formado tanto polas condicións ambientais e ecolóxicas do territorio como pola acción humana.

| DIRECTRICES DE PAISAXE E MEDIO AMBIENTE | | |
|---|---|---|
| **DIRECTRIZ** | **DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| **A. DIRECTRICES APLICABLES EN EXCLUSIVA A PROXECTOS CON COMPOÑENTE ARQUITECTÓNICA E/OU URBANÍSTICA** | | |
| Todos os Obxectivos | | |
| Aplicable a iniciativas de calquera Obxectivo (1, 2 e 3) que impliquen construción ou rehabilitación de edificios e/ou intervencións urbanísticas. Aplicable tamén cando a iniciativa candidata inclúa só o deseño construtivo (elaboración do proxecto arquitectónico ou equivalente) e non a execución.<br>Non Aplicable nas excepcións expresamente indicadas. | | |
| A1. Estudo de integración paisaxística. | ***O proxecto inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística asinado por persoa técnica especializada que abrangue solucións relativas aos seguintes aspectos (os tres): a) adecuación ás edificacións tradicionais, b) adecuación á contorna paisaxística e c) medidas de aproveitamento da iluminación. 6 ptos.***<br>Consideración da paisaxe no proxecto.<br>Incorporación da variable paisaxe, incluída a paisaxe urbana, na propia concepción dos proxectos a través dun estudo de impacto e integración paisaxística. | Xustificación previa. Estudo de integración paisaxística como documento específico ou apartado diferenciado do proxecto construtivo.<br>Xustificación final: - |
| A2. Idoneidade da localización do proxecto. | ***O proxecto está localizado en parque industrial, solo urbano ou de núcleo rural: 3 ptos.***<br>Congruencia de proxectos que supoñan novas construcións ou edificacións co modelo territorial que definen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, a lexislación urbanística e os principios da lexislación en materia de paisaxe, en particular, no relativo á non dispersión. | Xustificación previa: Declaración na Memoria sobre a cualificación do solo.<br>Xustificación final: -. |
| A3. Recuperación de construcións | ***O proxecto desenvólvese nunha edificación ou infraestrutura preexistente que se recupera para o efecto (polo menos o 80% da superficie construída final). 3 ptos.***<br>É máis sostible e mellor integrado aproveitar edificacións preexistentes que executar novas construcións. | Xustificación previa: Medición na Memoria das superficies previa e final.<br>Xustificación final: -. |
| A4. Afección sobre a topografía | ***O proxecto non altera a topografía natural dos terreos, ou implica mínimos movementos de terras (noiros ou terrapléns de menos de 1,00 metro): 3 ptos.***<br>Non Aplicable a: Intervencións dentro de núcleos urbanos.<br>Adecuación de instalacións, construcións ou edificacións á topografía natural dos terreos. | Xustificación previa: Medición na Memoria dos noiros.<br>Xustificación final: -. |

| | | |
|---|---|---|
| A5. Respecto ás cuncas visuais. | ***A nova edificación non está situada no bordo dunha rúa, camiño ou estrada con vistas panorámicas, e non interfire no campo de visión de elementos naturais ou culturais de interese: 2 ptos.***<br><br>As novas edificacións ou construcións, en xeral, deben procurar non interromper ou deturpar vistas panorámicas ou de escenas, tanto urbanas como rurais, de interese. | Xustificación previa: Identificación na Memoria da localización e breve análise do impacto visual.<br><br>Xustificación final:-. |
| A6. Solos permeables | ***Cando menos o 80%  da superficie urbanizada e libre de edificacións da parcela vai cuberta con materiais permeable. 4 ptos.***<br>Debemos protexer os solos orixinais, limitando as actuacións que supoñan formatos de urbanización agresivos. Camiños de acceso, áreas de aparcamento e, en xeral, as zonas exteriores, poden ser urbanizadas con coberturas alternativas ao asfaltado, formigón cemento ou similares . | Xustificación previa: Descrición da solución adoptada na Memoria.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A7. Integración na rede viaria. | ***O proxecto implica novas construcións e non precisa de novas vías de acceso ou estas non superan os 30 metros lineais: 2 ptos.***<br><br>Non Aplicable a: intervencións dentro de núcleos urbanos.<br><br>As novas construcións deben buscar localizacións que non supoñan un incremento adicional de ocupación do territorio con dotacións públicas. | Xustificación previa: Análise na Memoria das necesidades e medicións.<br><br>Xustificación final:-. |
| A8. Integración na rede de subministracións. | ***A nova construción dispón de acceso a equipamentos básicos (saneamento, subministro eléctrico e toma de augas) a menos de 100 m e se conecta a eles: 2 ptos.***<br><br>Non Aplicable a: intervencións dentro de núcleos urbanos.<br><br>As novas construcións industriais deben buscar localizacións que non supoñan un incremento adicional de ocupación do territorio con dotacións públicas. | Xustificación previa: Identificación na Memoria dos puntos de toma.<br><br>Xustificación final:-. |
| A9.  Eliminación de impactos paisaxísticos | ***O proxecto prevé a eliminación ou corrección de impactos paisaxísticos preexistentes: 4 ptos. por cada tipoloxía.***<br><br>***Daranse 4 puntos por cada tipoloxía de impacto completamente anulado ou corrixido:***<br><br>***a) Eliminación de construcións fóra de ordenamento.***<br><br>***b) Eliminación de peches de parcela en mal estado ou substitución dos mesmos por peches de vexetación autóctona ou de tipoloxías tradicionais (máis de 10 m lineais).***<br><br>***c) Eliminación de cables (eléctricos, telefónicos, etc.) aéreos ou en fachadas (máis de 20 m lineais).***<br><br>***d) Eliminación de noiros de escavación existentes  ou recubrimento vexetal dos mesmos (máis de 20 m lineais).***<br><br>***e) Outro similar (máximo catro puntos por corrección de impactos non especificados nesta lista).***<br><br>Nas paisaxes urbanas e rurais existen diversos elementos que supoñen un impacto negativo na percepción e gozo da paisaxe. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das accións a acometer.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A10. Uso de materiais reciclados e reutilizados. | ***A suma de materiais reciclados e reutilizados empregados en construción e urbanización é superior ao 25% do total, medido en volume, peso ou valor de compra. Inclúense os materiais procedentes do propio edificio en caso de rehabilitación. 3 ptos.***<br><br>A reutilización e a reciclaxe han ser pautas habituais nos proxectos de construción. | Xustificación previa: Identificación e valoración na Memoria dos materiais a empregar.<br><br>Xustificación final:  Inspección presencial, memoria xustificativa e/ou facturas de compra. |

| | | |
|---|---|---|
| A11. Uso de madeira certificada. | ***O proxecto utiliza exclusivamente madeira ou produtos derivados da madeira certificada en elementos estruturais, de cerramento exteriores e/ou carpintaría exterior. 2 ptos.***<br><br>Fomentamos o uso de materiais sostibles. En particular, a madeira é un dos materiais de construción máis sometidos a formas de explotación ecoloxicamente agresivas. | Xustificación previa: Declaración ao efecto na Memoria.<br><br>Xustificación final: Inspección visual, facturas de compra e certificacións. |
| A12. Depuración de augas. | ***O proxecto inclúe un sistema natural de depuración e tratamento de augas con vexetación acuática e de zonas húmidas tanto para augas grises como para augas de escorrentía contaminadas (por exemplo, nos aparcadoiros). 6 ptos.***<br><br>Redución da pegada ecolóxica do tratamento convencional da auga. | Xustificación previa: Descrición na Memoria de proxecto.<br><br>Xustificación final: inspección visual. |
| A13. Sistema SATE de fachadas. | ***O proxecto inclúe, para as súas construcións, sistemas de fachadas SITE (SATE) -Sistema de Illante Térmico Exterior- ou outros de prestacións superiores. 3 ptos.***<br><br>Este tipo de fachadas axudan ao control térmico do interior, reducindo o consumo enerxético. | Xustificación previa: Incorporación na Memoria da solución SITE (SATE) ou xustificación da alternativa.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A14. Acristalamento illante. | ***O proxecto inclúe o acristalamento exterior mediante o emprego de acristalamento con prestacións SUPERIORES ás seguintes: vidro dobre Rw=43 dB, espesor total 32 mm, formado por vidro baixo emisivo de 8 mm e un vidro laminado acústico de 4+4 mm e cámara de aire deshidratada de 16 mm con perfil separador de aluminio e dobre selado perimetral. 3 ptos.***<br><br>O illamento dos cristais favorece a eficiencia enerxética e a redución de ruídos. | Xustificación previa: Incorporación na Memoria da solución adoptada para os acristalamentos.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A15. Solos radiantes. | ***O proxecto inclúe sistemas de calefacción mediante solos radiantes. 3 ptos.***<br><br>O solo radiante contribúe á eficiencia enerxética por obter maior rendemento con baixas temperaturas que outros sistemas. | Xustificación previa. Incorporación na Memoria da solución de calefacción mediante solo radiante.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A16. Ventilación de alto rendemento. | ***O proxecto inclúe a instalación duns sistema de ventilación centralizado de dobre fluxo e alto rendemento. 3 ptos.***<br><br>Estes sistemas de ventilación posibilitan a recuperación de ata un 80% da enerxía, diminuíndo o consumo derivado da climatización. | Xustificación previa. Descrición na Memoria das solucións a adoptar ou do compromiso a incluílas no proxecto.<br><br>Xustificación final: Documento e inspección presencial |
| **B. DIRECTRICES APLICABLES A PROXECTOS DO SECTOR DA PESCA** | | |
| Obxectivos 1 | | |
| Aplicable a todos os proxectos do Obxectivo 1 nas condicións indicadas. | | |
| B1. Exclusión de artes de pesca agresivas. | ***A pesquería asociada á iniciativa non emprega artes de arrastre ou de enmalle: 3 ptos.***<br><br>Este tipo de artes teñen especial incidencia na sostibilidade do ecosistema mariño. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das pesquerías e artes asociadas.<br><br>Xustificación final: -. |

| | | |
|---|---|---|
| B2. Tratamento de residuos da actividade pesqueira. | ***Establécese un sistema de separación, recollida e reciclaxe ou reutilización de residuos asociados á actividade pesqueira ou industrial, especialmente plásticos de alta densidade e restos de artes e aparellos. O proxecto inclúe investimento en activos específicos para este fin e/ou acordos con entidades especializadas. 6 ptos.***<br>A actividade pesqueira debe adoptar pautas de traballo cada vez máis esixentes en canto ao tratamento de residuos. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das solucións adoptadas.<br>Xustificación final: Inspección presencial; contratos ou acordos con entidades especializadas. |
| B3 Investigación. | ***O proxecto impulsa a investigación relativa a especies e/ou hábitats mariños. 3 ptos.***<br>A investigación contribúe a un aproveitamento máis eficaz e sostible dos recursos mariños e xera grande valor engadido no territorio. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria<br>Xustificación final: Documento de resultados. |
| B4 Consumo responsable na pesca. | ***O proxecto implica promoción de medidas de consumo responsable de produtos do mar e/ou de prácticas sostibles no sector da pesca. 3 ptos.***<br>O sector do mar debe exercer un papel protagonista na promoción do consumo responsable. | Xustificación previa: Identificación das medidas de promoción na Memoria.<br>Xustificación final: Inspección visual ou documental. |
| B5 Impulso do turismo mariñeiro | ***A promotora ou o promotor do proxecto comprométese a crear ou participar nun servizo de turismo mariñeiro vinculado á súa actividade ou xa é membro de MarGalaica Turismo Mariñeiro. 3 ptos.***<br>Favorecemos o turismo mariñeiro como vía de ingresos adicionais e como xeito de promoción do territorio e os seus produtos. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br>Xustificación final: Inspección presencial ou documental. |
| B6. Novos produtos do mar | ***O proxecto implica o aproveitamento de subprodutos do mar, especies de baixo valor comercial ou especies pouco aproveitadas no territorio do GALP Costa Sostible. 6 ptos.***<br>A diversificación dos recursos explotados mellora a competitividade do territorio e reduce a presión sobre outras especies e. | Xustificación previa: Identificación na Memoria dos subprodutos ou especies aproveitadas.<br>Xustificación final: Inspección presencial ou documental. |
| **C. DIRECTRICES APLICABLES A TODOS OS PROXECTOS** | | |
| Todos os Obxectivos | | |
| Directrices aplicables a todos os proxectos nas condicións indicadas. | | |
| C1. Uso de especies vexetais autóctonas. | ***O proxecto implica un incremento da masa vexetal de especies autóctonas:***<br>***a) En núcleo urbano. Árbores de especies autóctonas. 2 ptos. por cada 5 exemplares. Máximo 6 ptos.***<br>***b) Noutros terreos. Superficie mínima de 500 $m^2$ con exemplares de especies de flora autóctona (non computan as pradeiras). 2 ptos. pora cada 500 $m^2$. Máximo 6 ptos.***<br>Os proxectos de intervención na paisaxe deben respectar a biodiversidade local e optar por especies autóctonas, reforzando os ecosistemas locais. | Xustificación previa: Declaración de estado actual e proxecto.<br>Xustificación final: Inspección presencial.<br>Especies autóctonas. O GALP poderá esixir xustificación de que a especie elixida sexa propia do ecosistema local. |
| C2. Sendas ecolóxicas. | ***O proxecto implica a apertura ou adecuación de vías (sendas, paseos, etc.) con firmes permeables e acordes en cor e textura aos substratos da contorna (cando menos, no 90% do trazado das vías). 6 ptos.***<br>As intervencións con materiais tradicionais (cemento, asfalto, formigón) supoñen a desnaturalización da paisaxe, sendo máis respectuosa co medio unha intervención menos agresiva e máis facilmente reversible. | Xustificación previa: Identificación na Memoria dos firmes.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |

| | | |
|---|---|---|
| C3. Protección de hábitats valiosos. | ***O proxecto implica a creación, ampliación ou recuperación de hábitats naturais valiosos para especies vexetais ou animais propios da zona nunha superficie superior a 0,5 ha. 6 ptos.***<br>A recuperación activa de hábitats permite reverter o impacto negativo sobre a fauna e flora locais. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das especies beneficiadas e da idoneidade da actuación, asinada por especialista.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C4. Recollida selectiva de lixo. | ***O proxecto incorpora polo menos un punto de recollida selectiva de lixo (mínimo tres tipos de residuos) accesible para todos os usuarios (persoal interno, visitas, clientes, asistentes a evento, etc.) e prevé o tratamento axeitado destes residuos. 2 ptos.***<br>Aplicable a: Proxectos con presuposto total inferior a 80.000 €.<br>Promove o fomento de hábitos responsables na xestión de residuos. | Xustificación previa: Identificación e características dos puntos limpos e procedemento de tratamento.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C5. Recollida selectiva de residuos específicos. | ***O proxecto establece un sistema de separación e recollida de residuos propios da actividade produtiva non esixido pola normativa vixente. 4 ptos.***<br>Promove o fomento de hábitos responsables na xestión de residuos. | Xustificación previa: Identificación dos tipos de residuos e do sistema de recollida e tratamento.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C6. Difusión dos valores da paisaxe en comunicación. | ***Na comunicación e promoción inclúe contidos específicos relativos aos valores da paisaxe local e/ou á concienciación sobre o uso sostible dos recursos naturais. 2 ptos.***<br>Promovemos a difusión dos valores da paisaxe local. | Xustificación previa: Referencia na Memoria aos contidos e formatos de difusión.<br>Xustificación final: Inspección visual e/ou documental. |
| C7. Uso de producións locais. | ***O proxecto inclúe cando menos un evento de promoción mediante degustación de produtos alimentarios locais (degustación, catering, etc.) procedentes do marisqueo, a pesca costeira artesanal, a acuicultura ou a agricultura ecolóxica. 3 ptos.***<br>O uso de produtos locais axuda a reducir a pegada ecolóxica. | Xustificación previa: Inclusión do evento no Plan de Investimento.<br>Xustificación final: Inspección presencial e/ou facturas de compra. |
| C8. Alimentos ecolóxicos certificados. | ***O proxecto implica a produción, elaboración e/ou distribución de produtos alimentarios locais de produción ecolóxica acreditada mediante certificación recoñecida polo mercado. 6 ptos.***<br>Aplicable a: Proxectos do sector alimentario. Non inclúe proxectos de restauración.<br>A produción ecolóxica de alimentos é máis responsable con medio ambiente. | Xustificación previa: Indicación do tipo de produtos e procedencia.<br>Xustificación final: Inspección presencial e/ou facturas de compra. |
| C9. Compostaxe de residuos orgánicos. | ***O proxecto inclúe un sistema de compostaxe de restos orgánicos in situ e mais establece os usos e destinos do compost producido. 6 ptos.***<br>A compostaxe da un uso novo aos residuos e reduce a presión sobre o ecosistema. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas a adoptar.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C10. Reciclaxe de embalaxes. | ***Os produtos á venda non inclúen embalaxes ou as embalaxes están realizadas con materiais 100% reciclados e/ou reciclables . 4 ptos.***<br>Aplicable a proxectos que implican a fabricación e/ou venda de produtos, incluso alimentarios.<br>A primeira forma de respecto ao medio ambiente é a redución do consumo e as embalaxes constitúen, a miúdo, un consumo evitable. No caso das embalaxes reciclables, valoramos só os tipos admitidos na recollida selectiva xeneralizada no territorio. | Xustificación previa: Identificación na Memoria do tipo de embalaxes.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |

| | | |
|---|---|---|
| C11. Estudo de impacto dos usuarios. | ***O proxecto implica a posta en valor dun espazo exterior e conta cun estudo de identificación, cuantificación e corrección de impactos dos usuarios do novo servizo ou equipamento asinado por técnico competente. 4 ptos.***<br><br>As novas actividades que teñan lugar en espazos abertos (naturais, rurais e urbanos) deben ser sensibles á paisaxe sobre a que traballan. | Xustificación previa: Declaración na Memoria dos contidos do estudo.<br><br>Xustificación final: Documento resultante asinado por técnico competente e/ou inspección presencial. |
| C12. Uso de enerxías renovables | ***O proxecto inclúe instalacións de xeración de enerxía mediante tecnoloxías limpas. 6 ptos.***<br><br>Buscamos a introdución no territorio de formas renovables de xeración de enerxía. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das instalacións propostas.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial e/ou facturas de provedores. |
| C13. Control da iluminación | ***O proxecto inclúe a implantación de sistemas de iluminación de instalacións e/ou locais e emprega sistemas de apagado automático (células fotoeléctricas, programadores, detectores crepusculares) polo menos nalgunha estancia (incluídos escaparates). 2 ptos.***<br><br>APLICABLE A: Proxectos cun presuposto total inferior a 140.000 €<br><br>O control automático permite un mellor control do consumo. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C14. Accións adicionais de corrección de impactos. | ***O proxecto implica a realización dunha ou varias das seguintes actuacións de corrección de impactos paisaxísticos ou medioambientais negativos, fóra das parcelas afectadas directamente pola actividade e dentro do territorio do GALP Costa Sostible. 2 puntos por cada acción ata un máximo de 6 ptos.***<br><br>***-Eliminación completa dun vertedoiro ilegal, con autorización do titular do terreo.***<br><br>***-Plantación de árbores autóctonas en terreo de titularidade pública ou comunal, con autorización do titular do mesmo. O promotor deberá plantar unha árbore por cada 50.000 e de presuposto total do proxecto para obter 2 puntos.***<br><br>***-Outra acción de corrección de impactos paisaxísticos que se considere equivalente.***<br><br>A identificación e corrección de impactos negativos conciencia aos promotores sobre a sensibilidade da paisaxe. | Xustificación previa: Indicación na Memoria das accións a realizar.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| C15. Incorporación das Directrices de Paisaxe e Medio Ambiente en asistencia técnica. | ***O proxecto de asistencia técnica inclúe solucións concretas para a aplicación de Directrices de Paisaxe e Territorio por un valor mínimo de 10 puntos. Deben ser solucións aplicables no caso dunha posterior implementación material do proxecto resultante. 4 ptos.***<br><br>Aplicable a: Proxectos de beneficiario colectivo e interese colectivo de consultaría que implican, fundamentalmente, a xeración de informes e cun presuposto total inferior a 100.000 €.<br><br>A integración da variable da paisaxe en todo tipo de proxectos debe ser un hábito, en particular entre os organismos públicos. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br><br>Xustificación final: Entrega do documento resultante. |

## DIRECTRICES ADICIONAIS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

A acción dunha política de RSC pode abranguer múltiples aspectos. O GALP costa sostible centra a súa acción naqueles aspectos que xeraron especial interese durante o proceso de participación que deu lugar á súa Estratexia. Estas Directrices recollen eses ámbitos de actuación preferentes, ademais dos vinculados á Paisaxe e ao Medio Ambiente.

| DIRECTRICES ADICIONAIS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA | | |
|---|---|---|
| **A. DIRECTRICES DE ADAPTABILIDADE E INCLUSIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE** | | |
| Todos os Obxectivos. | | |
| Directrices aplicables a todos os proxectos nas condicións indicadas. | | |
| **DIRECTRIZ** | **DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| A1. Postos de traballo para persoas con discapacidade. | ***O proxecto reserva postos de traballo a para persoas cun grado de discapacidade dun mínimo do 65% (que poderá ser dun mínimo do 33% no caso de enfermidade mental ou discapacidade intelectual). Estes postos de traballo sumarán, cando menos, o equivalente a media xornada anual en contratos de traballo por conta allea (0,5 UTA). 4 ptos.***<br>A principal acción para a integración das persoas con necesidades especiais é aquela que permite a súa normal incorporación ao mercado laboral. | Xustificación previa: Compromiso incluído na Memoria.<br>Xustificación final: Contratos laborais e acreditación das discapacidades. |
| A2. Tecnoloxías para a autonomía persoal. | ***O proxecto inclúe a aplicación de ferramentas de domótica ou TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) destinadas a mellorar a autonomía persoal de persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia (persoal, clientes, etc.) 4 ptos.***<br>Fomentamos a investigación e utilización de ferramentas tecnolóxicas como vía para a adaptación de espazos e servizos a todos os usuarios. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas a adoptar e das necesidades que cobre.<br>Xustificación final: Inspección presencial e/ou documental. |
| A3. Capacitación para o servizo a persoas con discapacidade. | ***O proxecto consiste ou inclúe accións de capacitación de profesionais para a atención a persoas con algún tipo de discapacidade. 6 ptos.***<br>Os servizos públicos e privados do territorio, deben contar con persoal preparado para atender aos distintos tipos de público, incluídas as persoas con discapacidade. | Xustificación previa: Identificación na Memoria da acción de capacitación.<br>Xustificación final: Verificación presencial ou documental da realización da acción de capacitación. |
| A4. Capacitación laboral. | ***O proxecto inclúe accións formativas destinadas á capacitación laboral de persoas con discapacidade. 6 ptos.***<br>Favorécese a integración laboral das persoas con discapacidade mediante a formación. | Xustificación previa: Identificación na Memoria da acción de capacitación.<br>Xustificación final: Verificación presencial ou documental da realización da acción formativa. |
| A5. Eliminación de barreiras físicas. | ***O proxecto implica solucións de accesibilidade por riba das esixidas na lexislación vixente para o tipo de actividade. 2 ptos.***<br>Os espazos destinados ao público deben planificarse de xeito que resulten accesibles. | Xustificación previa: Informe asinado por especialista sobre as solucións adoptadas non obrigadas pola lexislación vixente.<br>Xustificación final: Inspección presencial. |

| | | |
|---|---|---|
| A6. Accesibilidade a contidos web | ***O proxecto inclúe o desenvolvemento dun sitio web co sello WCAG 2.1 - Web Content Accesibility Guidelines (Pautas de Accesibilidade ao Contido Web). 4 ptos.***<br><br>O estándar WCAG 2.1 está desenvolvido polo Consorcio World Wide Web (W3C) e facilita o acceso a contidos web para persoas con discapacidade auditiva, cognitiva, neurolóxica, física, da fala ou visual. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br><br>Xustificación final: Certificación acreditativa. |
| A7. Comunicación adaptada. | ***O proxecto inclúe medidas de comunicación (información, publicidade, etc.) destinadas a persoas con algunha discapacidade que implican a duplicación de mensaxes en distintos soportes e/ou investimentos específicos para implantalas. 2 ptos.***<br><br>APLICABLE A: Medidas distintas das previstas na Directriz A6. Accesibilidade a contidos web.<br><br>A comunicación destinada a públicos específicos fomenta a integración social e atrae a novos públicos e clientes. | Xustificación previa: Identificación das discapacidades atendidas e das solucións propostas.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial ou documental |
| A8. Servizos adaptados. | ***O proxecto inclúe a creación ou mellora de servizos adaptados a persoas con algún tipo de discapacidade. 6 ptos.***<br><br>Non Acumulable con: A9 Servizos específicos.<br><br>Non Aplicable a: Proxectos de Aloxamento e Restauración.<br><br>O turismo accesible é un produto innovador, xusto e con potencial de diferenciación e posicionamento do destino. | Xustificación previa: Identificación na Memoria do público específico. considerado e dos servizos adaptados.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial ou documental. |
| A9. Servizos específicos. | ***O proxecto crea un novo equipamento ou servizo destinado especificamente a persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia. 6 ptos.***<br><br>Non Acumulable con : A8 Servizos adaptados.<br><br>Mellora da calidade de vida para as persoas con necesidades especiais. | Xustificación previa: Finalidade do proxecto.<br><br>Xustificación final: Inspección presencial. |
| A10. Atención a menores con discapacidade. | ***O proxecto ten como beneficiarios principais a menores con discapacidade, tanto residentes como visitantes (turistas, etc.). 3 ptos.***<br><br>Especial atención aos menores. | Xustificación previa: Indicación na Memoria da localización dos proxectos e usuarios.<br><br>Xustificación final: -. |
| A11. Boas prácticas. | ***O proxecto inclúe o desenvolvemento ou aplicación de boas prácticas para a inclusión social das persoas con discapacidade (eido laboral, educativo e outros; clientes, usuarios ou traballadores). 2 ptos.***<br><br>Foméntase o coñecemento das necesidades específicas das persoas con discapacidade e a súa satisfacción. | Xustificación previa: Indicación na Memoria do compromiso e metodoloxía a aplicar.<br><br>Xustificación final: Documento de boas prácticas e/ou informe sobre a aplicación. |
| A12. Participación de discapacitados no deseño. | ***O proxecto foi elaborado coa participación de persoas con discapacidade, ou de entidades que promoven os seus intereses e a súa inclusión social, coa finalidade explícita de incluír a atención das súas necesidades específicas. 4 ptos.***<br><br>A mellor forma de garantir a aplicación dos intereses das persoas con necesidades especiais é a súa participación na fase de deseño das propostas. | Xustificación previa: Indicación na Memoria das solucións específicas adoptadas e declaración das persoas con discapacidade ou entidades implicadas.<br><br>Xustificación final: -. |
| A13. Empoderamento das persoas con discapacidade. | ***O proxecto inclúe a redacción dun programa de empoderamento das persoas con discapacidade dentro da entidade promotora. 3 ptos.***<br><br>Aplicable a: Proxectos promovidos por administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro e empresas con máis de 10 empregados no momento da solicitude de axuda.<br><br>Apostamos pola reflexión e autoxestión para facilitar a presenza e notoriedade deste colectivo dentro das entidades. | Xustificación previa: Indicación na Memoria do compromiso e metodoloxía a aplicar.<br><br>Xustificación final: Documento resultante. |

| DIRECTRICES ADICIONAIS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA | | |
|---|---|---|
| B. DIRECTRICES DE IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR | | |
| Todos os Obxectivos. | | |
| Directrices aplicables a todos os proxectos nas condicións indicadas. | | |
| **DIRECTRIZ** | **DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| | | |
| B1. Horarios flexibles. | ***A entidade promotora instaurará horarios flexibles de inicio e finalización da xornada laboral cando menos no 20% dos postos de traballo ocupados por persoal por conta allea. Esta medida entrará en vigor antes da última xustificación da axuda e manterase, cando menos, durante 3 anos. 6 ptos.***<br>A flexibilidade de horarios é unha ferramenta moi útil na conciliación da vida familiar e a laboral, en moitos casos, con resultado neutro ou positivo en canto a produtividade. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria con identificación do número de postos de traballo por conta allea.<br>Xustificación final: Identificación dos postos afectados |
| B2. Teletraballo. | ***A entidade promotora permitirá o teletraballo, cando menos, nun 10% da xornada laboral e, cando menos, nun 20% dos postos de traballo ocupados por persoal por conta allea. Esta medida entrará en vigor durante o período de execución do proxecto e manterase, cando menos, durante 3 anos. 4 ptos.***<br>A flexibilidade de horarios é unha ferramenta moi útil na conciliación da vida familiar e a laboral, en moitos casos, con resultado neutro ou positivo en canto a produtividade. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria con identificación do número de postos de traballo por conta allea.<br>Xustificación final: Identificación dos postos afectados |
| B3. Emprego de mulleres en ocupacións con subrepresentación. | ***O proxecto prevé a creación de emprego para mulleres en ocupacións nas que están subrepresentadas, cando menos o equivalente a un posto de traballo anual a xornada completa (1 UTA). 2 ptos.***<br>Aplicable a: Proxectos dos Obxectivos 2, Diversificación económica e 3, Patrimonio natural e cultural.<br>NOTA ACLARATORIA: Quedan excluídas as ocupacións recollidas no Anexo da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 16 de setembro de 1998 (BOE 29 de setembro de 1998). Ver listado anexo.<br>Favorecemos igualdade loitando contra os estereotipos de xénero no traballo. | Xustificación previa: Indicación na memoria do número de postos e ocupacións que cumpren a condición.<br>Xustificación final: Contratos laborais. |
| B4. Emprego de mulleres no sector da Pesca. | ***O proxecto reserva un 20% dos postos de traballo para mulleres en tarefas distintas de: marisqueo a pé, fabricación de redes, administración interna, secretariado e limpeza (20% medido sobre o total de postos-xornada creados). 6 ptos.***<br>Aplicacble a: Proxectos do Obxectivo 1, Sector da Pesca. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br>Xustificación final: Identificación dos postos creados. |
| B5. Plan de Igualdade de xénero. | ***A entidade conta cun Plan de Igualdade aprobado e vixente ou ten aprobada a súa realización polo seu órgano máximo de goberno.4 ptos.***<br>NON ACUMULABLE CON: B5 Diagnose interna en igualdade de xénero.<br>O Plan de Igualdade, previsto pola lexislación, é unha ferramenta idónea para a incorporación de ideas e estratexias efectivas para a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razóns de xénero no seo de empresas e entidades. | Xustificación previa: Acreditación do Plan de Igualdade ou da súa aprobación en órgano de goberno.<br>Xustificación final: -. |

| | | |
|---|---|---|
| B6. Diagnose interna en igualdade de xénero. | ***A entidade promotora elaborará, antes da última xustificación da axuda e coa participación dos seus traballadores, unha diagnose sobre a igualdade de xénero. 2 ptos.***<br>O GALP non difundirá en ningún caso os resultados.<br>Aplicable a: Entidades xurídicas distintas da Administracións públicas, cun mínimo de 10 empregados ou asociados.<br>NON ACUMULABLE CON: B4. Plan de Igualdade de xénero.<br>Entendemos a autodiagnose como unha ferramenta de concienciación sobre a igualdade de xénero. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria con indicación do procedemento a seguir.<br>Xustificación final: Entrega do informe resultante ou xustificación do procedemento realizado sen entrega de resultados. |
| B7. Difusión da igualdade de xénero. | ***O proxecto inclúe a promoción de valores ligados á igualdade de xénero. No caso de que o proxecto supere os 100.000 € de presuposto, implicará a creación de contidos sobre soportes duradeiros (soportes expositivos, espazos web, etc.). 3 ptos.***<br>Implicamos aos promotores de eventos na difusión destes valores. | Xustificación previa: Detalle do programa.<br>Xustificación final: Inspección durante o evento ou xustificación documental. |
| B8. Linguaxe inclusiva. | **O novo proxecto prevé o emprego de linguaxe inclusiva e non sexista en todos os soportes de comunicación interna e pública. 4 ptos.**<br>O uso dunha linguaxe non sexista da visibilidade ao compromiso pola igualdade e facilita a integración das mulleres en todos os ámbitos. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br>Xustificación final: Inspección visual e documental. |
| | | |
| **DIRECTRICES ADICIONAIS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA** | | |
| **C. OUTRAS DIRECTRICES DE RSC** | | |
| Todos os Obxectivos. | | |
| Directrices aplicables a todos os proxectos nas condicións indicadas. | | |
| **DIRECTRIZ** | **DESCRICIÓN + MOTIVACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| C1. Política de RSC. | ***A entidade promotora dispón ou se compromete a crear, antes da última xustificación da axuda, un órgano interno encargado da implantación dunha política de RSC que contemple accións relativas, cando menos á igualdade de xénero, á sostibilidade ambiental e á integración de colectivos desfavorecidos. Este órgano realizará, cando menos, un informe anual sobre obxectivos e resultados. 4 ptos.***<br>Aplicable a: Persoas xurídicas cun mínimo de 5 membros.<br>Impulsamos a instauración de políticas RSC de alcance xeral nas entidades locais, máis alá dos aspectos concretos que promovemos a través dos criterios de valoración. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br>Xustificación final: Documento de creación do órgano asinado polo promotor e, no seu caso, polo persoal ou os seus representantes. |
| C2. Colaboración con entidades sen ánimo de lucro. Difusión. | ***A promotora ou o promotor incluirá no seu espazo web, con acceso dende a portada, información sobre o labor dunha entidade sen ánimo de lucro con sede ou actividade no territorio do GALP e traballo en favor de colectivos sociais desfavorecidos, protección da natureza ou acción cultural. 3 ptos.***<br>Aplicable a: Proxectos de carácter lucrativo.<br>Fomentamos a colaboración dos promotores coas asociacións locais e multiplicamos a difusión do traballo destas. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria e carta de apoio da entidade colaboradora.<br>Xustificación final: Revisión do sitio web. |

| | | |
|---|---|---|
| C3. Mellora das condicións laborais. | ***O proxecto inclúe medidas que significan a mellora das condicións dos postos de traballo en termos de seguridade ou confort. 3 ptos.***<br><br>Fomentamos o interese nas condicións físicas nas que se desenvolve o traballo. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das medidas e efectos positivos.<br><br>Xustificación final: Verificación visual da implantación. |
| C4. Consumo responsable. Comercio xusto. | ***O proxecto ten unha estratexia para o consumo propio ou venda de produtos de comercio xusto de fóra do territorio para, cando menos, dúas referencias de mercadorías. 3 ptos.***<br><br>Implicamos e concienciamos a promotores e consumidores sobre a necesidade de valorar a procedencia dos produtos. | Xustificación previa: Identificación na Memoria das mercadorías seleccionadas e xustificación de por que son de 'comercio xusto'.<br><br>Xustificación final: Identificación das mercadorías e procedencia. |
| C5. Compromiso co territorio. Difusión dos produtos locais. | ***A promotora ou o promotor incluirá no seu espazo web, con acceso dende portada, contidos para a difusión dos produtos alimentarios do territorio do GALP, distintos dos producidos ou comercializados por el mesmo. 2 ptos.***<br><br>Aplicable a: Proxectos de carácter lucrativo<br><br>Favorecemos a implicación co territorio e multiplicamos o coñecemento dos nosos produtos e territorio. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br><br>Xustificación final: Revisión do sitio web. |
| C6. Compromiso co territorio. Publicidade no exterior. | ***O proxecto inclúen unha iniciativa que significa o aproveitamento da súa rede comercial no exterior para a promoción de produtos e servizos locais fóra do territorio distintos dos comercializados por el, cun mínimo de 1.000 impactos (folletos entregados ou similar). 4 ptos.***<br><br>Favorecemos a implicación con territorio e creamos sinerxías. | Xustificación previa: Identificación da medida.<br><br>Xustificación final: Información das accións realizadas. |
| C7. Compromiso co territorio. Integración en redes. | ***O proxecto inclúe unha iniciativa de traballo en rede entre distintos operadores do territorio na xestión de equipamentos ou servizos (equipamentos culturais, turísticos, sociais; servizos a empresas; etc.). 4 ptos.***<br><br>Fomentamos que os servizos públicos do territorio traballen de xeito coordinado en favor da eficiencia e da integración territorial. | Xustificación previa: Identificación dos equipamentos integrados na rede e das entidades propietarias e/ou xestoras.<br><br>Xustificación final: -. |
| C8. Compromiso co territorio. Colaboración entre promotores. | ***A iniciativa implica formas de reforzo ou colaboración con outros proxectos apoiados por este GALP (antes GAC), acreditado mediante acordo no que se especifiquen as formas de colaboración. 2 ptos.***<br><br>Fomentamos a sinerxía entre actividades e a colaboración entre promotoras e promotores financiados polo GALP, reforzando as oportunidades de negocio e a integración territorial. | Xustificación previa: Acordo de colaboración.<br><br>Xustificación final: - |
| C9. Compromiso co territorio. Linguas foráneas. | ***A iniciativa inclúe a promoción do territorio en calquera dos seus aspectos (paisaxe, turismo, produtos, colectivos, etc.) elaborando e distribuíndo contidos nunha lingua distinta do galego e o castelán (inclúe a promoción dos produtos e servizos propios). 2 ptos.***<br><br>O emprego de linguas foráneas mellora a promoción do territorio e a competitividade dos seus produtos e servizos. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria indicando as linguas e soportes nos que se empregarán.<br><br>Xustificación final: Inspección visual e/ou documental. |

| | | |
|---|---|---|
| C10. Incorporación das Directrices de RSC en asistencia técnica. | ***O proxecto de asistencia técnica inclúe solucións para a aplicación de Directrices Adicionais de Responsabilidade Social Corporativa de 10 puntos. Deben ser solucións aplicables no caso dunha posterior implementación material do proxecto resultante. 4 ptos.***<br><br>Aplicable a: Proxectos de beneficiario colectivo e interese colectivo, no eido da consultaría que implican, fundamentalmente, a xeración de informes e cun presuposto total inferior a 100.000 €.<br><br>A integración da variable da paisaxe en todo tipo de proxectos debe ser un hábito, en particular entre os organismos públicos. | Xustificación previa: Compromiso na Memoria.<br><br>Xustificación final: Entrega do documento resultante. |

**Nota de aplicación.**

Una mesma acción ou investimento non poden computar ao tempo como aplicación das Directrices e noutros epígrafes dos Criterios de selección.

**Anexo.**

Profesións ás que se refire a Directriz de RSC B3. Emprego de mulleres en ocupacións con subrepresentación.

Quedan excluídas deste Directriz e, por tanto, **non son puntuables**, as ocupacións ás que se refire o Anexo da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 16 de setembro de 1998 (BOE 29 de setembro de 1998) e que son as que seguen.

2111 Biólogas, Botánicas, Zoólogas y asimiladas.
2112 Patólogas, Farmacólogas y asimiladas.
212 Médicas y Odontólogas.
213 Veterinarias.
214 Farmacéuticas.
221 Profesoras de Universidades y otros centros de Enseñanza Superior.
222 Profesoras de Enseñanza Secundaria.
223 Otras profesionales de la enseñanza.
23 Profesionales del Derecho.
243 Sociólogas, Historiadoras, Filósofas, Filólogas, Psicólogas y asimiladas.
252 Archiveras, Bibliotecarias y profesionales asimiladas.
2711 Profesionales de nivel medio en Ciencias Biológicas y asimiladas.
272 Enfermeras.
281 Profesoras de Enseñanza Primaria e Infantil.
282 Profesoras de Educación especial.
283 Profesorado Técnico de Formación Profesional.
2912 Graduadas Sociales y asimiladas.
292 Ayudantes de archivos, bibliotecas y asimiladas.
293 Diplomadas en Trabajo Social.
31 Técnicas de las Ciencias Naturales y de la Sanidad.
321 Técnicas en Educación Infantil y Educación Especial.
3314 Agentes de viaje.
3411 Secretarias Administrativas y asimiladas.
3412 Profesionales de apoyo de servicios jurídicos y servicios similares.
342 Profesionales de carácter administrativo de aduanas, tributos y asimilados que trabajan en tareas propias Administraciones públicas.
353 Profesionales de apoyo de Promoción social.
3541 Decoradoras y Diseñadoras Artísticas.
4 Empleadas de tipo administrativo.
501 Cocineras y otras preparadoras de comidas.
502 Camareras, bármanes y asimiladas.
511 Auxiliares de Enfermería y asimiladas.
512 Trabajadoras que se dedican al cuidado de personas y asimiladas (excepto Auxiliares de Enfermería).
513 Peluqueras, especialistas en tratamiento de belleza y trabajadoras asimiladas.
5141 Azafatas o Camareras de avión y barco.
5143 Guías y Azafatas de tierra.
515 Mayordomas, ecónomas y asimiladas.
519 Otras trabajadoras de servicios personales.
531 Modelos de moda, arte y publicidad.
533 Dependientas y exhibidoras en tiendas, almacenes, quioscos y mercados.
774 Artesanas de la madera, de textiles, del cuero y materiales similares
78 Trabajadoras de la industria de la alimentación, bebidas y tabaco.
793 Trabajadoras de la industria textil, la confección y asimiladas.
7942 Zapateras, marroquineras y guantería de piel.
8361 Operadoras de máquinas de preparar fibras, hilar y devanar.
8362 Operadoras de telares y otras máquinas tejedoras.
8363 Operadoras de máquinas de coser y bordar.
8364 Operadoras de máquinas de blanquear, teñir, limpiar y tintar.
8366 Operadoras de máquinas para la fabricación del calzado, marroquinería y guantería de piel.
8369 Otras Operadoras de máquinas para fabricar productos textiles y artículos de piel y cuero.
837 Operadoras de máquinas para elaborar productos alimenticios, bebidas y tabaco.
90 Trabajadoras no cualificadas en el comercio.
91 Empleadas domésticas y otro personal de limpieza de interior de edificios.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN. TÁBOA COOPERACIÓN (OBXECTIVO 6) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CRITERIOS** | | **Puntos** | | **VERIFICACÓN na solicitude** |
| | | **VALOR MÍNIMO** | **VALOR MÁXIMO** | |
| **1. CALIDADE DA PROPOSTA.** | | **0** | **20** | |
| 1.1. Abordan necesidades identificadas nas estratexias. | | 0 | 5 | Memoria. Valoración das necesidades abordadas. |
| 1.2. Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos. | OE 1 | 0 | 1 | Memoria. Valoración da cobertura de cada uns dos Obxectivos Estratéxicos (OE) 1 a 5. |
| | OE 2 | 0 | 1 | |
| | OE 3 | 0 | 1 | |
| | OE 4 | 0 | 1 | |
| | OE 5 | 0 | 1 | |
| 1.3. Coherencia entre orzamento e as actividades. | | 0 | 5 | Memoria. Análise do presuposto. |
| 1.4. Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto. | | 0 | 5 | Memoria. Experiencia da/s entidade/s. |
| **2. NÚMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES.** | | **0** | **30** | |
| 2.1. Número de GALP participantes de Galicia. | 8 | 0 | 30 | Memoria. Relación de socios e entidades colaboradoras:<br>-GALP de Galicia.<br>-Outros GALP e entidades con EDLP.<br>-Outras entidades. |
| | 7 | 0 | 20 | |
| | 6 | 0 | 15 | |
| | 5 | 0 | 10 | |
| | 4 | 0 | 5 | |
| | 3 | 0 | 2 | |
| | 2 | 0 | 1 | |
| 2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas). | 3 ou máis | 0 | 15 | |
| | 2 a 3 | 0 | 7 | |
| | 1 | 0 | 2 | |
| 2.3. Colaboración con outras entidades de interese. | 3 ou máis | 0 | 10 | |
| | 2 a 3 | 0 | 5 | |
| | 1 | 0 | 1 | |
| **3 IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS .** | | **0** | **20** | |
| 3.1. Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional. | Mulleres | 0 | 5 | Memoria. Identificación de colectivos beneficiados. |
| | Mocidade (ata 40 anos) | 0 | 5 | |
| | Inclusión social | 0 | 5 | |
| | Diversidade funcional | 0 | 5 | |
| **4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO** | | **0** | **30** | |
| CCCCCCCC | | 0 | 6 | Memoria. Valoración da contribución do proxecto a cada uns dos principios transversais indicados. |
| 4.2. Transformación ecolóxica: transición enerxética | | 0 | 6 | |
| 4.3. Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático | | 0 | 6 | |
| 4.4. Sostibilidade: economía circular | | 0 | 6 | |
| 4.5 Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul | | 0 | 6 | |

**CRITERIOS DE SELECCIÓN. CRITERIOS DE DESEMPATE**

En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os criterios ata que se produza o desempate.

**Proxectos dos Obxectivos 1 a 5 (non Cooperación).**

Desempate 1. Puntuación en. **A. Actuacións preferenciais**.
Desempate 2. Proxecto do **sector da pesca**.
Desempate 3. Puntos en **C. Compromiso Costa Sostible co territorio**
Desempate 4. Puntuación en **B. Emprego e Beneficiarios**.

**Proxectos do Obxectivo 6 (Cooperación).**

Aplicaranse os criterios de desempate que se definan nas ordes de convocatoria.

**Notas sobre as táboas de criterios de selección.**

-**Non duplicación de puntos.** Un mesmo investimento no poderá puntuar en dous criterios distintos. A modo de exemplo: un equipo de monitorización de consumo de auga, non poderá empregarse ao tempo para acreditar investimento no eido de mitigación do cambio climático (criterio 12) e en dixitalización (criterio 15); unha mesma acción non poderá puntuar como investimento en mitigación do cambio climático (criterio 12) e aplicación de Directrices (criterio 13).

-**Non duplicación de puntos.** As condicións persoais da persoa promotora (criterio Adicional 1) non poderán puntuar ao tempo como condicións da persoa empregada A valoración adicional obtida polas condicións da persoas promotora (Criterio 3). Tomarase a puntuación máis favorable.

-**Directrices.** A mención as Directrices refírense ás Directrices para un crecemento responsable, que figuran no Anexo 5.

-**Verificación.** Todas as verificacións mediante documento administrativo poderán ser substituídas por outros documentos, tamén emitidos polas administracións, que acrediten a mesma circunstancia.

-**Verificación adicional.** As referencias a verificacións adicionais refírense a circunstancias que se deben acreditar logo de aprobado o proxecto (na xustificación do mesmo). Trátase de referencias indicativas para casos singulares que non exclúen outras esixencias do proceso de xustificación.

**-Nota de corte.** A nota de corte variará en función do tipo de proxecto, segundo se recolle na táboa do apartado 7.2.4.

**-Criterios adicionais**. Os criterios adicionais só poderán outorgarse se, unha vez aplicada da táboa xeral (Obxectivos 1 a 5), o proxecto supera a nota de corte.

-**Colectivos vulnerables.** Lista de colectivos vulnerables.

Desempregados longa duración (mínimo un ano inscrito nas oficinas de emprego)

Emigrantes retornados

Persoas sen fogar

Persoas en fogares se ingresos ou receptores da RISGA

Minorías étnicas

Drogodependentes

Exconvictos

Persoas prostituídas

Vítimas de violencia de xénero

GALICIA
2021-2027
Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO MARÍTIMO,
DE PESCA E DE ACUICULTURA